

## A cultura latina nos autores e autoras galegos

**Andrés Pociña**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

POCIÑA, ANDRÉS (2012 [1997]). “A cultura latina nos autores e autoras galegos”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1996, 77-102. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1637>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

POCIÑA, ANDRÉS (1997). “A cultura latina nos autores e autoras galegos”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1996, 77-102.

\* Edición dispoñíbel desde o 23 de xaneiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## A cultura latina nos autores e autoras galegos\*

---

*Andrés Pociña*

*O obxecto deste traballo consiste en presentar un panorama global do influxo da cultura clásica, sobre todo a latina, na literatura galega moderna. Para leva-lo a cabo, o autor parte dunha visión sobre a formación cultural, sinaladamente a literaria e de modo especial a clásica, dos autores e autoras, insistindo nos seus coñecementos de lingua e literatura latinas, frecuentes nos nosos autores. Un segundo apartado recolle en síntese a situación actual das traducións da literatura latina ó galego. En lugar derradeiro, como exemplos do influxo clásico, analízanse os casos de Xoán Manuel Pintos (século XIX), e os de Manuel Leiras Pulpeiro, Antonio Noriega Varela, Xosé Crecente Vega, Aquilino Iglesia Alvariño e Xosé María Díaz Castro (século XX).*

A finalidade primixenia deste traballo, pensado como relatorio para un Congreso galego de Estudos Clásicos, era a de trazar un panorama xeral do influxo da cultura humanística, sinaladamente da latina, nos escritores e escritoras de expresión galega. Emporiso, non era soamente ese influxo o aspecto que pretendía abordar: pretendía ademais subliñar os coñecementos do mundo clásico, das culturas grega e latina, que posuían e posúen unha boa parte dos autores e autoras galegos dos séculos XIX e XX, sobre todo deste último, para ver despois de qué xeito se manifestan na súa produción literaria.

É case superfluo advertir que para un traballo das características deste non sometín a análise nin toda a literatura galega escrita desde o Rexurdimento do século XIX ata hoxe, nin sequera todas as obras fundamentais. Fixen en cambio unha cata, bastante pormenorizada, nas biografías dos autores e autoras, servíndome principalmente das historias literarias de Ricardo Carballo Calero (1981), Francisco Fernández del Riego (1971), Anxo Tarrío Varela<sup>1</sup>, e doutros instrumentos tan valiosos para unha investigación deste tipo como son o *Diccionario bio-bibliográfico de escritores* de Antonio Couceiro Freijomil, a *Gran Enciclopedia Gallega*, e o que era naquel momento o máis recente *Diccionario de escritores en lingua galega*, en concreto o publicao por Francisco Fernández del Riego (1990)<sup>2</sup>, etc. A este labor seguiu unha revisión de moitas e moi importantes obras de figuras senlleiras dos séculos XIX e XX, á procura da pegada nelas dos coñecementos do latín e da literatura romana que posuían os seus autores. Naturalmente, o campo de pescuda ficaba aberto, e segue a ficar agora, despois de moitos engadidos a esta publicación, sempre provisional, que presento nestas páxinas.

## I. A FORMACIÓN DOS ESCRITORES E DAS ESCRITORAS EN GALEGO. ALGÚNS APUNTAMENTOS

Unha característica que cómpre subliñar na maior parte dos escritores galegos é que teñen unha cultura moi respectable por termo medio. Penso que é preciso detérmonos un pouco neste aspecto, porque a posesión dunha formación clásica, ou dunha cultura latina, non é, loxicamente, un feito illado na cultura xeral dun pobo ou dunha persoa concreta.

En conxunto, as variedades no grao de formación cultural, xeral e clásica, dos escritores e escritoras galegos, amósanse no caso das tres meirandes figuras poéticas do Rexurdimento das letras galegas: Rosalía, Curros e Pondal. Na "Primeira reunión galega de estudos clásicos", celebrada en 1979, ocupábame eu do influxo dos gregos e dos latinos na poesía desta gran tríade, e remataba con estes termos, que penso seguen a ser válidos, aínda que precisan dunha revisión: "Rosalía, descoñecedora de gregos e latinos, poeta popular; Curros, cunha formación clásica se non fonda, ó menos ampla, mais pechado á entrada do clásico na súa obra, poeta tamén popular; Pondal, home de enorme formación humanística, coas portas abertas ó mundo antigo, poeta culto. O pobo galego coñece a Rosalía, un pouco menos a Curros, moi pouco a Pondal; porén, a cultura galega débelle ó Bardo bergantiñán tanto, ou máis, que á Musa padronesa ou ó Vate de Celanova" (Pociña 1981: 434).

Curiosamente, esas tres figuras senlleiras poderían servir de espello da situación xeral dos escritores e escritoras do século XX. Rosalía, que non foi de ningunha maneira esa muller inculta que moitas veces se ten dito, senón unha persoa con moitas e boas lecturas, e cunha formación moi superior á media das mulleres do seu tempo, sen embargo non tiña estudos "oficiais" de ningún tipo, e moito menos coñecementos de grego ou latín. Curros, en troques, fixo o bacharelato, e ata chegou a cursar algunhas materias de Dereito na Universidade de Madrid. Pondal, que sabía grego e latín, que lía os autores latinos na lingua orixinal, estudou o bacharelato e completou a carreira de Medicina en Compostela.

Pero veñamos ó noso século. Acabo de escribir que Rosalía, Curros e Pondal son como un reflexo da situación xeral ata o noso tempo, e isto podémolo comprobar en máis dun aspecto.

En primeiro lugar, Rosalía, unha muller escritora, é unha excepción no seu tempo. Pois ben, esa excepcionalidade da muller literata chega ata os nosos días. É certo que hai un conxunto importante de escritoras galegas, e que cada día son máis numerosas, pero nun cómputo de cento dez escritores, do que falarei de seguida, as mulleres non chegan a un vinte por cento. Para non detérmonos máis sobre este feito, interesante pero que nos afastaría do noso tema, lembrarei as palabras da meirande autoridade no campo da escrita feminina galega, Carmen Blanco:

En liñas xerais, pódese dicir que a presenza de mulleres como creadoras ao longo da historia da literatura galega é relativamente escasa, marxinal e non moi relevante. Esta situación é a que corresponde á sociedade patriarcal na que o feito literario se inscribe (Blanco 1991: 297)<sup>3</sup>.

En segundo lugar, os escritores e escritoras galegos, sobre todo os homes, adoitan ter estudos xeralmente amplos, moi a miúdo de rango universitario. Neste senso, un censo feito por min un tanto ó chou, escollendo os que considere, con maior ou menor acerto, os cento dez autores e autoras primordiais na literatura

galega do século XX, ofrece estes resultados: 54, é dicir, case a metade xusta, fixeron estudos da carreira que ata hai algún anos se chamaba Filosofía e Letras, nas súas distintas especialidades, aínda que moitos non chegaron a rematalos; unha grande maioría estudia en Santiago, pero tamén hai quen o fai nas Universidades de Madrid, Salamanca, Oviedo, e algunha outra, mesmo no estranxeiro. Nos últimos anos, é moi abundante o número de escritores e escritoras que seguiron a especialidade de Filoloxía Galega e Portuguesa na Universidade de Compostela.

Despois de Letras aparecen os estudos de Dereito, que cursan 28, non chegando todos a completar a licenciatura. Moi a miúdo, sobre todo na primeira parte do século, simultanéanse as licenciaturas en Dereito e Letras. Veñen despois os estudos de Maxisterio, con 14 representantes. E en cuarto lugar, atopamos os de Medicina, con 6 figuras de sona nas letras galegas do noso século.

Por último, é importante o número de escritores que fixeron estudos eclesiásticos, que moitos abandonan máis cedo ou máis tarde, pero quedando sempre un número notable de cregos literatos.

É claro que poderíamos pasar horas e horas a falar deste aspecto dos estudos dos escritores e escritoras galegos, e das consecuencias que teñen no tipo de literatura que fixeron e están a facer; mais non parece este o lugar axeitado para tema tan interesante. Non embargante, quero subliñar algúns aspectos:

a) Unha boa parte dos escritores e escritoras galegos do século XX dedícanse ó ensino, nos tres niveis de básico, secundario e universitario. E vou lembrar algúns nomes, para evitar o sopor de tanto dato numérico. O maxisterio fornece ás letras galegas figuras de sona, como Antonio Noriega Varela, Luís Amado Carballo, as irmás Dora Vázquez e Pura Vázquez, Helena Villar Janeiro, Paco Martín (Francisco Martín Iglesias), e tantas e tantos máis. No profesorado de bacharelato o catálogo de nomes podería non ter remate, pero, como teño que falar dos catedráticos de latín nas letras galegas, lembrarei tamén algúns profesores doutras especialidades: Xosé María Álvarez Cáccamo, Carlos Casares, Evaristo Correa Calderón, Xosé Filgueira Valverde, Ramiro Fonte Crespo, Manuel Forcadela, Antonio Fraguas, Camilo González Suárez-Llanos (ou Camilo Gonsar), Luís González Tosar, Bernardino Graña, Xosé Luís Méndez Ferrín, Luz Pozo Garza, María Xosé Queizán, Xesús Rábade, Román Raña Lama, Xavier Rodríguez Baixeras, Antón Rodríguez Reixa, Francisco Salinas Portugal, Xavier Seoane, Xesús Manuel Valcárcel, Xoaquín Valle-Inclán Alsina, Manuel Vilanova Rodríguez, etc.

Pero se aquí deixo moitos no tinteiro, gustárame ser exhaustivo cos profesores de latín. Trátase dun conxunto de especialistas en Humanidades clásicas, ás veces con estudos e profesión eclesiásticos, case todos eles catedráticos de bacharelato. Característica común de todos eles é a preocupación lingüística polo galego, que os leva a miúdo a simultanear a creación literaria coa investigación filolóxica e a tradución dos autores clásicos e dos textos sagrados. Á cabeza deles, nunha orde cronolóxica, poderíase poñer a Xosé García Mosquera (Santa Eulalia de Castro Escuadro-Maceda-Ourense, 1817; Ourense, 1868), un dos precursores do Rexurdimento da literatura galega gracias a unhas poucas composicións poéticas; entre elas cómpre subliñar “A vida do campo. Versión gallega da oda de Horacio *Beatus ille...*”, da que di Carballo Calero: “Consta de noventa e dous versos, dos que riman asonantemente os pares, a xeito de romance; estando dividida en estancias de catro versos, tres endecasílabos e un —o segundo— hep-

tasílabo. É peza de grande perfeición prosódica, estilística e lingüística [...] e nela o galego atinxe unha prestancia nova, ao se fundir as voces enxebres coa elocución clásica na que latea o gosto humanístico” (Carballo Calero 1981: 88)<sup>4</sup>. E non hai que esquecer que tamén compuxo algúns versos en latín.

Tampouco teñen produción abundosa, pero de todas as maneiras non menosprezable na historia da poesía galega do século XX, os catedráticos de latín Manuel García Paz (Santiago, 1895; Pozoblanco, Jaén, 1990), autor de *IV Melodía. Desfíe de ambiente galego* (Ourense, 1935), curiosa obra de vario contido, que leva un prólogo de Jacinto Santiago, quen, entre outras cousas, advirte que García Paz “ahora catedrático de latín en un Instituto andaluz, hombre de numerosas y densas lecturas, es, por encima de todo, una positiva autoridad en Lingüística y en Filología. No necesita cirineos para leer en sánscrito, en griego, en latín, en árabe, en alemán, en inglés, en rumano, en italiano, en francés, etc., etc., etc., etc.” (García Paz 1935: 11-12). Pese a tan grandes méritos, máis lle debe a literatura galega ó crego e tamén catedrático de latín Xosé Crecente Vega (Santa María de Outeiro, Castro de Rei, Lugo, 1896; Segovia, 1948), traductor de Tibulo e autor dun poemario famoso, *Codeseira* (Santiago, 1933). Novo morreu, en fin, Xosé Manuel Cabada Vázquez (San Xurxo de Codeseira-A Estrada-Pontevedra, 1900; Linares-Jaén, 1936), pero non sen deixar un feixe de poemas espallados polas revistas *Vida Gallega*, *Nós*, *Céltiga*, *A Nosa Terra*, *El Emigrado*, etc., algunhas recollidas despois nun volume que leva por título *Vagalumes, versos galegos* (Santiago, 1931). Resulta curioso reparar que estes tres escritores latinistas morreron fóra de Galicia, en terras de Andalucía e de Castela, onde os levou a súa profesión de ensinantes.

Persoeiro entre todos eles é o gran poeta, traductor dos clásicos e latinista Aquilino Iglesia Alvariño (Seivane-Abadín-Lugo, 1909; Santiago, 1961), de sobra coñecido, e do que terei oportunidade de falar máis adiante.

Para rematar, non quixera esquecer os nomes doutros profesores de latín dos que non coñezo obra de creación literaria propiamente dita, pero que contribuíron e contribúen cos seus escritos de natureza filolóxica a un mellor coñecemento da lingua galega. Lembro, en primeiro lugar, ó meu profesor de Virxilio no Instituto de Lugo, don Froilán López y López (San Xoán de Muro-Láncara-Lugo, 1900; Madrid, 1990), que publicou moi interesantes contribucións ó estudio da onomástica galega. Xesús Ferro Ruibal, que simultanea a preocupación polo galego en obras coma *Cómpre aprendermos o galego*, coa que amosa polo latín, por exemplo no seu libro para o estudio da lingua do Lacio titulado *De onte a hoxe*. Amable Veiga Arias (Triacastela, Lugo, 1929; 1994), autor dos importantes traballos sobre fonética e fonoloxía galega que todo o mundo coñece, e sobre quen ten escrito Xesús Alonso Montero: “Por todo ello y por sus extraordinarias dotes de profesor de Latín, Amable Veiga ocupa un lugar muy destacado entre los filólogos gallegos de todos los tiempos, y es un nombre esencial en la Lingüística gallega”<sup>5</sup>; pouco antes do seu pasamento tiña acabada unha versión completa ó galego dos *Epigramas* de Marcial, segundo me contou nunha conversa que tivemos en Compostela, no mes de setembro de 1993. En fin, Manuel Vidán Torreira (Santiago, 1924), traductor dos clásicos e da literatura neotestamentaria, e por riba de todo loitador, en pleno franquismo, pola oficialidade do galego na liturxia das igrexas desta terra.

Por último na Universidade, sobre todo nas carreiras de Letras, exerceron ou exercen a súa actividade profesional, alternándoa coa de creación literaria, un número importante de escritores galegos, que van desde o prestixioso catedrático

de Lingua e Literatura Española e dramaturgo Armando Cotarelo Valledor (Vegadeo-Oviedo, 1879; Madrid, 1950), pasando polo primeiro catedrático de Lingua e Literatura Galega que tivo a Universidade de Santiago, Ricardo Carballo Calero (Ferrol, 1910; Santiago, 1990), ata esa figura sobranceira das letras e da cultura galega do século XX que foi don Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888; Ourense, 1976). A maior parte, pero non todos, móvense no ámbito da Universidade de Santiago, ata hai non moitos anos única en Galicia, e nos centros dependentes da mesma noutras cidades. A modo de exemplo, chegue engadir plumas de tanto prestixio, ben que en mans aínda novas, como as de Arcadio López Casanova (Lugo, 1942), Marina Mayoral (Mondoñedo, 1942), Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956), sen esquecer o labor no eido da poesía (*O que se foi perdendo*, 1959) do catedrático de lingua galega na Universidade compostelana Ramón Lorenzo (Eirapedriña-Ames-A Coruña, 1935) etc.

b) Unha porcentaxe moi elevada de todos estes ensinantes dos tres niveis recibiron nos seus estudos unha formación máis ou menos ampla en latín. Se tomamos coma data de referencia a metade do século, é ben sabido que o bacharelato que fixemos os nados por aqueles anos tiña dous cursos de latín no chamado bacharelato elemental, outros dous na opción de letras do superior, e un curso con seis horas á semana no preuniversitario. Despois, na Universidade, os dous anos de “estudios comunes” das Facultades de Filosofía e Letras, facían que toda persoa licenciada en Letras tivera, ó menos, sete cursos de estudos latinos, simultaneados na maior parte das veces con cinco anos de grego. Non vou entrar aquí na consideración de se este ensino se facía ben ou mal, de se a formación humanística resultante era ou non era a que se podía esperar de tantos anos, etc. En troques, quero subliñar a importancia de investigar —e algún día haberá que facelo<sup>6</sup>— a transcendencia deses estudos das linguas e literaturas clásicas nos escritores e escritoras galegos, isto é, nos escritores e escritoras pertencentes a un ámbito literario no que, segundo as cifras que manexei máis arriba, sumando os que estudaron Letras e Dereito, bastante máis da metade deles e delas tiveron ese importante número de cursos de latín e grego que acabo de dicir.

c) En terceiro lugar, hai un feito moi propio e chamativo na historia da literatura galega contemporánea, que é o importantísimo número de escritores que fixeron estudos eclesiásticos, rematados ou non, dando lugar a esa copia, doada de comprobar, de cregos que fixeron obra literaria en galego.

Este feito chama a atención sobre todo en comparación con outras latitudes do Estado español, e responde a un fenómeno sociolóxico de fonda raizame en Galicia ata datas relativamente recentes: estou a referirme ó costume de mandar ó seminario os rapaces non herdeiros das familias labregas ou cidadás de clase media, con vistas non só a procurarlles unha saída coma cregos, senón unha formación, doadamente reconvertible nunha profesión na administración ou no ensino, no caso de non chegaren á ordenación sacerdotal. O fenómeno é ben coñecido, e non require máis explicacións neste lugar. Máis o que cómpre aquí é dicir que nos seminarios, ata os anos 60 ou 70, dábaselles ós mozos unha moi respectable formación en Humanidades, maiormente no ensino da lingua latina, con lectura e interpretación dos clásicos.

Ata qué punto foi grande o influxo da formación adquirida nos seminarios e, polo tanto, dunha educación de raizame fondamente clásica, nos autores da literatura galega dos séculos XIX e XX, pode demostralo un sinxelo exemplo: reflírome

ó dos escritores formados no ámbito do Seminario de Mondoñedo. Moitas veces causa admiración que a cidade de Mondoñedo, que, malia detentar desde o século XVI ata o ano 1834 a capitalidade dunha das sete provincias do Reino de Galicia, non deixa de ser agora unha vila pequecha e de escasa poboación (fermosísima, desde logo), teña un número tan grande de escritores, algúns deles de entre os primeiros da literatura galega. A explicación deste feito deuna, mellor que ningún, Álvaro Cunqueiro na maxistral definición da súa cidade natal que puxo no “Índice onomástico” de *Merlín e familia*:

Mondoñedo.- Cidade de Galicia, sonada polos Bispos, e polo cabalar das San Lucas, i onde nacéu o señor Cunqueiro, que puxo en formado istas historias. E rica en pan, en augas, i en latín (Cunqueiro 1968: 160).

Unha cidade rica en latín ten moitas posibilidades de ser tamén rica en bos escritores. A razón é esa cultura que se move no Mondoñedo de tempos pasados arredor do Seminario, que inda hoxe conserva unha biblioteca dunha riqueza excepcional. Daquela non é estraño que xa en tempos anteriores ó Rexurdimento da literatura galega tivera Mondoñedo poetas en galego, como “os cantores mindonienses do Nadal”, Antonio María de Castro e Neira (Mondoñedo, 1771; Mondoñedo, 1826) e Lois Corral Rodríguez (Mondoñedo, 1784; Mondoñedo, 1830), ó papel devanceiro dos cales foi salientado por Ricardo Carballo Calero na súa *Historia da literatura galega contemporánea* (pp. 44 e ss.).

A nómina dos escritores galegos vencellados na súa formación ó Seminario de Mondoñedo é longa, e non vou reproducila aquí. Chegue con lembrar os nomes senlleiros de Nicomedes Pastor Díaz Corbelle (Viveiro, 1811; Madrid, 1863), máis importante polo seu labor literario en castelán que en galego, pero de todas as maneiras figura de sona no Rexurdimento das letras galegas. Despois, por orde cronolóxica de nacemento, escritores tan sonados coma o médico-poeta Manuel Leiras Pulpeiro (Mondoñedo, 1854; Mondoñedo, 1912), Antonio Noriega Varela (Mondoñedo, 1869; Viveiro, 1947), Aquilino Iglesia Alvariño (San Xoán de Vilarente-Abadín-Lugo, 1909; Santiago, 1961), Xosé María Díaz Castro (Vilares de Parga-Guitiriz-Lugo, 1914; Lugo, 1990), etc. Non estudiaaron no Seminario Álvaro Cunqueiro, que baixou a facer o bacharelato a Lugo, nin, como é obvio, Marina Mayoral, pero o influxo da vida cultural que xiraba arredor daquel foi intenso en Cunqueiro, como salientan os seus estudiosos<sup>7</sup>, quizais tamén en Mayoral, autora da que coñezo ben a súa produción literaria e filolóxica, e mesmo teño falado con ela en máis dunha ocasión, pero non dispoño de moitos datos sobre a súa biografía.

E, para rematar esta parte, deixo unha pregunta no aire: ¿que vida cultural veu a relevar á que xiraba en Mondoñedo arredor do Seminario?<sup>8</sup> E outra pregunta máis, froito da precedente: ¿seguirá Mondoñedo, menos “rica en latín” xa, a producir tal cantidade de escritores e escritoras de calidade nas xeracións vindeiras? E aínda outra máis, esta de carácter xeral: ¿un bacharelato case sen humanidades, e unha Universidade cos estudos de grego e latín relegados a un posto ínfimo, serán un viveiro axeitado de figuras literarias no futuro de Galicia e do resto do Estado español? Sospeito que non, aínda que oxalá estea a me enganar.

## II. A LITERATURA LATINA EN GALEGO

Penso que nun traballo sobre “A cultura latina nos autores e autoras galegos” sería preciso facer algunha indicación, mesmo se ten que ser sumaria, sobre as traducións de obras latinas publicadas en galego. No III Congreso Español de Estudios Clásicos, celebrado en Madrid no ano 1966, ese namorado da literatura latina que é o hoxe catedrático de Literatura galega da Universidade compostelana, Xesús Alonso Montero, presentou unha interesantísima comunicación co título “Textos griegos y latinos traducidos al gallego. Bibliografía” (Alonso Montero 1968), na que viña a demostrar que as traducións de textos latinos ó galego se por algo brillaban era pola súa rareza, cando non pola ausencia absoluta para a maioría dos escritores. De feito, prescindindo de poemas soltos ou de fragmentos máis ou menos curtos, espallados por antoloxías e por revistas, como libros só rexistraba Alonso Montero os *Carmina* de Horacio en versión de Aquilino Iglesia Alvariño (1951), *A comedia da oliña* de Plauto, do mesmo traductor (1962), e *As Xeórxicas, verquidas a lingoa galega*, por Avelino Gómez Ledo (1964). Isto era todo polo que se refire a escritores latinos de época clásica, aparecido como dixeran en forma de libro ata o ano 1966.

Emporiso, teño que repetir aquí o que dixeran na “Primeira reunión galega de estudos clásicos” a propósito do influxo dos clásicos en Rosalía, Curros e Pondal. Os escritores e escritoras en galego do noso século puideron ler, polo menos algúns, os autores latinos na lingua orixinal, e outros en castelán, xa que por vía do castelán recibiron a meirande parte da súa formación cultural.

Sen embargo, este asunto tense que presentar hoxe en día noutros termos, xa que o panorama das publicacións en galego cambiou totalmente nas dúas últimas décadas, e xa non é admisible que os clásicos gregos e latinos teñan que se ler obrigatoriamente en versións castelás; e este problema agrávase polo feito de que, tal como veñen as cousas, cada vez será menos frecuente a súa lectura nas versións orixinais.

Hai aí, xa que logo, un labor moi importante a facer, en beneficio da cultura galega de tempos vindeiros. Loxicamente, poucos autores clásicos, gregos ou latinos, puideron ler en galego os escritores e escritoras ata agora. Mais unha aurora de esperanza alúmase, por exemplo co comezo da publicación en 1988 da colección “Clásicos en galego”, promovida pola Xunta de Galicia, e dirixida por don Manuel C. Díaz y Díaz. Ata hoxe van publicados, en axeitada forma bilingüe, os *Poemas* de Catulo, traducidos por Xosé Manuel Otero Fernández (1988), as *Fábulas* de Fedro, por Xosé Carballude Blanco, Xosé M<sup>a</sup> Liñeira Reboredo e Rosa M<sup>a</sup> García Vilariño (1988), as *Elexías* de Tibulo, por Xosé Antonio García Cotarelo (1989), as comedias *Anfitrión* e *Asinaria* de Plauto, por Mercedes Boado Vázquez e M<sup>a</sup> Xesús Frei Collazo (1991), o *Satiricón* de Petronio, por Xosé Antón Dobarro Posada e Dolores Gómez Quintas (1991), as comedias *A sogra* e *Os irmáns* de Terencio (1994), e por último os ensaios filosóficos *Sobre a vellez* e *Sobre a amizade* de Cicerón (1995). O ritmo de saída é moi bo polo momento, e xa se anuncia no último volume un novo cos Bucólicos latinos (Virxilio, Calpurnio, Nemesiano). Penso que con empresas como esta, á que hai que engadir a publicación dalgunhas outras versións soltas, como a da *Viaxe a Terra Santa* de Exeria, traducida e prologada por Xosé Eduardo López Pereira (1991), pódese asegurar a supervivencia da cultura clásica nos ámbitos de fala e expresión literaria galega, e o influxo beneficioso dos nosos devanceiros latinos na literatura futura escrita na lingua nai<sup>9</sup>.



## III. A PEGADA DA CULTURA LATINA NA LITERATURA GALEGA. ALGÚNS EXEMPLOS

Xa advertín ó comezo que debía restrinxir a miña análise da herdanza da cultura latina na literatura galega a unhas poucas obras. Pois ben, a gran dificultade foi facer unha selección para esta derradeira parte da miña exposición, xa que, sen ser completa nin moito menos a lista das obras despoixadas, levo xuntados algúns centos de fichas, das cales poida que algún día tire un estudio máis pormenorizado que este que estou a facer nestas páxinas.

Vou elixir para esta ocasión dous exemplos, un dunha obra do século XIX, *A gaita gallega* de Xoán Manuel Pintos, e outro do século XX, no que me ocuparei dos versos dunha tanda de poetas de fonda formación humanística, nados todos eles en terras de Lugo, e que estudaron fundamentalmente en Mondoñedo. Son Manuel Leiras Pulpeiro, Antonio Noriega Varela, Xosé Crecente Vega, Aquilino Iglesia Alvariño e Xosé María Díaz Castro.

As notas fundamentais para presentar a Xoán Manuel Pintos podemos tomalas da monumental *Historia da literatura galega* de Ricardo Carballo Calero:

Xoán Manuel Pintos nacéu en Pontevedra o 16 de nadal de 1811. Estudou Humanidades no convento de Dominicos da Cruña, de onde pasou a Universidade de Santiago pra estudar Xurisprudencia. Rematada a súa carreira, exercéuna na súa vila natal. Foi logo xuez en Cambados, fiscal en Pontevedra e rexistrador da propiedade en Vigo. Deixou sona de home honrado e limpo no desempeño dos seus cometidos profesioás. Cultivou o periodismo, escribindo principalmente nos xornás pontevedreses "El país" e "La perseverancia". Tamén foi afeizoado ao cultivo da música e da pintura. Finouse en Vigo o 20 de xunio de 1876 (Carballo Calero 1981: 75).

O maior problema que amosa *A gaita gallega*, o primeiro libro esencialmente galego de todos os tempos, publicado en Pontevedra, no ano 1853, co título *A gaita gallega tocada po lo gaitero, ou sea carta de Cristus para ir deprendendo a ler, escribir e falar ben a lengua gallega, e aínda máis*<sup>10</sup>, é o da súa natureza desde o punto de vista literario<sup>11</sup>. Escrita fundamentalmente en galego, pero tamén en castelán, e ata un pouco en latín, amosa unha mestura continua de elementos de natureza moi dispar: se ben predomina nela o verso, non falta a prosa; alterna as tiradas de versos en estrutura dialóxica cos poemas independentes; contén diversos léxicos, mostras de textos en galego, un longo poema en latín, a tradución do mesmo ó galego, etc.

Para ler *A gaita gallega* atinadamente cómpre ter sempre en conta a súa data, os propósitos de Pintos cando a publicou, e por último a natureza intrínseca da obra. Tendo presentes estes aspectos, *A gaita gallega*, escrita nun galego realmente admirable desde moitos puntos de vista, con partes en verso e en prosa ben traballadas, resulta, ó meu ver, unha obra de natureza literaria en boa parte da súa extensión, aínda que non sexa doado atribuírlle unha pertenza a un xénero literario concreto.

Dito isto coa prema que requiren as circunstancias, vou lembrar as principais pegadas que a fonda cultura latinista do autor deixou na obra.

Na primeira foliada, na que ocorre o encontro do Gaitero con Pedro Lucas, o latín non abonda, pero xa hai algunha mostra dun recurso que atoparemos ó longo de toda a obra, é dicir, o de inserir termos e frases latinas no discurso en galego ou en castelán, gardando a rima cando está nunha pasaxe en verso. Vede un bo exemplo:

*Nemo hodie honore dignus est, Gaitero,  
Nisi diues. Pues viva el Dios Dinero (p. 19).*

O gusto pola inclusión de frases latinas prelúdiase tamén nesta foliada, cando se encabeza o segundo soneto dos dous que hai na páxina 23 con esta indicación irónica, moi ó xeito galego: *Alter ejusdem furfuris*.

Tamén contén unha mostra dun recurso que parece moito a Pintos, o de poñer frases, ou pasaxes de autores latinos, coa correspondente versión galega, feita cunha agudeza digna de toda loanza. Refirome ó remate desta foliada:

*Expecta paulisper mayora videbis.*  
Agardade un pouco, que un conto vos quero (p. 24).

Na defensa do galego que hai na Foliada 2ª, aparecen todos os argumentos tópicos deste tema, cunha axilidade e atractivo sorprendentes; por se non chegasen os argumentos, Pintos emprega o recurso ás autoridades, entre elas os autores latinos:

*E non ten desculpa algu-nba  
O desleixado podenco  
Que refuga ó seu idioma  
Por falar en estrangeiro.  
Pois como din ala en Francia  
Con muita razon entendo  
"Personne n'est dispensé  
De sa langue bien parler".  
O mesmo di Cicerón,  
O mesmo di o Gaitero,  
O mesmo di Quintiliano,  
E abonda o diga Sarmiento (p. 26).*

E se non hai aínda gramáticas en galego, lembra Pintos por boca do Gaitero que tampouco as tivera Homero:

*Ab de Dios, dicen alguns,  
Que gramatica non temos  
Nin dicionario tampouco  
De sinificados cheo!  
Mà barredeira vos barra  
Fato de parvos é lerdos!  
Que gramatica estudieron  
Moises nin tampouco Homero?  
E non fono os escritores  
Millores do mundo enteiro? (p. 37 s.)*

Hai alusións clásicas no poema "Alborada" (por exemplo, Dido, p. 14), ata chegar a pasaxes coma esta, mostra dunha erudición clásica ben asimilada:

*Farasme ò favor de un cachño de lume  
De aquel mais febeo das doce do día,  
Frangulla noviña do delfico nume  
Con celme que sale miña poesía?* (p. 44).

Pouco despois, o Tamborileiro, que aínda non aprendeu ben o galego, bota esta culta parrafada:

*—Bien se señor lo de “quis autem nesciat  
Plus in paucioribus doctis momenti  
Quam in pluribus imperitis esse”.  
El vulgo es vulgo y como vulgo necio.  
De V. al menos nadie dirá nunca  
Que sus tocatas otros produjeron,  
Y estoy seguro, si, que el de Sulmona  
Tan desgraciado como buen gaitero  
Con más razón que V. decir no pudo  
Lo que dijo del parto de sus versos.  
“Palladis exemplo de me sine matre creata  
Carmina sunt: stirps haec progeniesque mea”* (p. 45).

Remata esta segunda foliada o poema “A nai do achadizo”, que principia desta forma:

*Semper laborat nulla unquam pace  
nulla tranquillitate fruitur.  
Sempre leira c’o pesar  
Sin poder sosego achar* (p. 55).

O conxunto péchase, ¿como non?, cunha frase latina:

*Claudite jam rivos, pueri, sat p.... biberunt.*

Na Foliada 3ª, Pedro Luces xa vai comprendendo o galego, e ata fai algunha disquisición filolóxica sobre a súa orixe, que dá razón a Carballo Calero cando, precisamente comentando esta foliada, sinala: “Pintos tiña crara idea da latinidade da nosa fala; máis asisado nisto que posteriores afeizoados á filoloxía” (Carballo Calero 1981: 77). Estas son as consideracións primeiras do Tamborileiro:

*—Señor á mi me parece  
Que es inmediato dialecto  
Del latin y que conserva  
Muchos vocablos enteros,  
Y otros tan poco alterados  
Que el sonido casi el mesmo  
Parece en ambos idiomas  
Como dirán mil ejemplos...* (p. 60).

Un pouco máis adiante, o Tamborileiro, que amosa unha boa cultura, recorda o exemplo de Ambrosio de Morales, quen, para defender o castelán, recorría á autoridade de Cicerón, de Platón, dos Pais da Igrexa, etc.

A latinidade do galego preocupa ós dous personaxes de Pintos, dando o Tamborileiro unha lección aínda hoxe moi aproveitable, que consiste en buscar a corrección do léxico galego no exame da súa etimoloxía latina:

*Siempre tengo presente en la memoria  
La regla que V. anda repitiendo  
A saber que se atienda en la escritura  
A la etimología del gallego.  
Pues aunque no sea regla única  
Se evitaran con ella mil defectos  
Así del latin homo escribo home,  
Y de gente y de genio gente e genio,  
De jam proviene ja, de jugo jugo,  
De sepia escribo xibia, y así mesmo  
De inserto inxerto, y xordo escribo  
De surdo, y de juvenco ítem juvenco  
Horta de horto, non de non, herba de herba,  
De hodie hoje, y de Genesio Genxo (p. 70).*

Baseándose no dito de Quintiliano de que “A mellor enseñanza é a dos exemplos”, o Gaiteiro pide unha mostra contundente da orixe latina do galego, que dá escusa para a inclusión dun vocabulario etimolóxico galego-latino, que vén ser o primeiro dicionario latino en galego, e ocupa as vintecinco páxinas derradeiras desta foliada.

A Foliada 4ª está inteiramente dedicada a Pontevedra, patria de Xoán Manuel Pintos. Comeza citando un dístico de Ovidio que non ten desperdicio, nin pola súa adecuación ó lugar onde aparece, nin pola suculenta tradución que se lle dá:

*Nescio qua natale solum dulcedine mentem  
Tangit, et inmemorem non sinit esse sui.  
Non sei que ten o chan de cada un  
Que sempre se lle quer mais que a ningún (p. 97).*

Ocupa a parte máis longa da foliada o texto latino do *Carmen patrium sive Pontevedra*, obra do xesuíta Hermenexildo Amoedo Carballo, nado en Pontevedra en 1747 e morto en Mantua en 1811. Esta loanza de Pontevedra está escrita en 429 hexámetros, boa mostra das composicións latinas do seu tipo e época.

O *Carmen patrium* de Amoedo suscita unhas consideracións dos dous personaxes que non podo resistirme a comentar. Á pregunta do Gaiteiro de se entende os versos do xesuíta, respóndelle o Tamborileiro que acha moitas dificultades, pois non é fácil:

*Y tiene puntos de aquellos  
Revesados, qui dicuntur  
Dentes habere coelli (p. 123).*

De seguida nos decatamos de que o poema é descoñecido, porque, como di Pedro o Tamborileiro:

*Que solo dos de ese canto  
Tienen noticia en el pueblo  
Pero material noticia  
Sin entender el folleto  
Porque está en idioma extraño  
Lastimosamente muerto* (p. 123).

Estas palabras orixinan a resposta encabuxada do Gaiteiro, que comeza deste modo:

—*Que dis ti muerto lancurdio?  
Mira ben o que dis Pedro  
Pois nunca o latin anduvo  
Mais alegre en ningun tempo* (p. 123).

Pedro suxire que cumpriría facer unha traducción para facilitar a comprensión do poema de Amoedo, e o Gaiteiro proponlle que a faga el, pero en galego, o que provoca unha disquisición sobre o eterno problema da traducción que non ten desperdicio, como imos ver:

—*Trabajo señor me manda  
Superior a mi talento  
Y saldrá una cosa fria  
Verbum e vervo (sic) reddendo.*  
—*Ti si colles e penetras  
O sentir e pensamento  
Do autor, alá a tua moda  
Esplicate e alá ò teu geito  
Mais palabra por palabra  
Non traduzas, pois entendo  
Mocosono mocosonas  
Que è traducir de canteiros.  
Ti di o que quixo decire  
Hermenegildo no testo,  
E si podes tamen dio  
Con medida ou ben en versos...* (p. 124).

A Foliada 5ª comeza co lema latino *Ubi vitiorum confusio, quid inde?* O seu contido, o máis variado das sete foliadas que compoñen o libro, está sementado do mesmo tipo de alusións, citas e palabras latinas que o resto. Remata con estes tres versos latinos, o máis gracioso exemplo de *adynaton* que se pode atopar na literatura latina de todos os tempos:

*Ante leves ergo pascentur in aethere cervi,  
Et freta destituent nudos in littore pisces,  
.....  
Quam gaitae bico desbotet Gaiterus sopretum* (p. 176).

A Foliada 6ª contén a traducción “libre”, ó galego, do *Carmen patrium sive Pontevedra*, seguida do texto orixinal latino da adicatoria deste poema ó arcebispo Malvar y Pinto.

A Foliada 7ª ocúpase fundamentalmente de Frei Martín Sarmiento, e está escrita case toda en prosa. Remata, como non podía ser menos, en galego... e en latín:

Pedro cala che redigo outra volta, e recoméndalle a ese e a outros que como él se meten no que non é para eles estas palabriñas de Horacio:

*Sumite<sup>12</sup> materiam vestris, qui scribitis, aequam  
Viribus, et versate diu, quid ferre recussent,  
Quid valeant humeri* (p. 216).

Deste modo se reflicten os coñecementos do latín e da literatura latina de Xoán Manuel Pintos na súa obra *A gaita gallega*, o primeiro libro escrito en galego, publicado na metade do século XIX, dez anos xustos antes da aparición dos *Cantares gallegos* de Rosalía.

Pero veñamos a un mundo máis preto do noso, aínda que temporalmente abarca todo o século XX, ata ten a súa raizame non século XIX<sup>13</sup>. Imos lembrar aquí as figuras senlleiras que algúns abranguen baixo a denominación de “poetas do Norte de Lugo”<sup>14</sup>, en concreto Manuel Leiras Pulpeiro, Antonio Noriega Varela, Xosé Crecente Vega, Aquilino Iglesia Alvariño e Xosé María Díaz Castro.

En liñas xerais, a min non me aleda moito falar de escolas poéticas, nin de grupos poéticos, nin penso que sexa axeitado xuntar nun grupo único poetas que nacen en épocas tan alonxadas como o ano 1854 (nacemento de Leiras) e o 1914 (nacemento de Díaz Castro), ou que amosan filosofías vitais tan diferentes como, por exemplo, Leiras, Crecente e Iglesia. Con todo e iso, estes cinco grandes poetas teñen moitos aspectos en común, moi significativos polo que se refire ó tema que hoxe está a ocuparme, e que, por mor de aforrar tempo e de que non pareza que os arranxo ós meus intereses, vou lembrar en palabras doutros autores.

Francisco Fernández del Riego, na súa *Historia da literatura galega*, xunta a Iglesia Alvariño, Crecente Vega e Díaz Castro baixo o epígrafe “Os humanistas”, aducindo estas razóns:

Antre os poetas desta época que arrincan da tendencia humanista de Noriega Varela, e que, con resonancias latinas evocan con podente voz a Galicia campesiña do interior, hai que citar a Iglesia Alvariño, Crecente Vega e Díaz Castro. Todos tres teñen, sin dúbida, persoaidade independente e diferenciada. Pero nos seus poemas latexa un lonxano acento que lembra a súa común formación orixinaria e mesmo a veciñanza dos lugares da terra luguesa nos que naceron. Dun ou doutro xeito trascende dos versos deses poetas a avocanza da vida sinxela, a das paisaxes das bisbarras natales, a dun mundo virxilián, que en Noriega tiveran o seu cantor adiantado (Fernández del Riego 1971: 211).

Basilio Losada Castro é máis contundente cando di, a propósito de Noriega Varela, que “se formó en el seminario de Mondoñedo, como muchos otros poetas del norte de Lugo que forman una escuela de caracteres muy definidos” (Losada Castro 1984: 279). Noutro lugar, refiriéndose a Iglesia Alvariño, fai unhas importantes consideracións, máis pormenorizadas, que paga a pena citar por extenso:

Iglesia Alvariño es figura destacada del grupo de poetas formados en artes latinas en el Seminario de Mondoñedo. Se trata de un grupo fuertemente caracterizado, del que forman parte también dos excelentes poetas: Antonio Noriega Varela y Xosé María Díaz Castro. Noriega Varela fue una de las figuras dominantes de entre siglos. Poeta rural pero de honda for-

mación clásica, gustador de Virgilio, impregnado de latinidad e inserto en un mundo de égloga [...] Díaz Castro, excelente poeta aunque de obra reducidísima, parte también del mismo tono virgiliano [...] Con ellos, aunque en un tono menor, Xosé Crecente Vega, también de formación clásica y catedrático de latín. La íntima coherencia de este grupo viene marcada por una identidad lingüística asentada en el habla rural del Norte de Lugo [...] La cultura clásica asimilada desde la niñez, dio a todos ellos, y de manera especial a Iglesia Alvariño, una disciplina formal muy rigurosa (Losada Castro 1972: 135).

Xosé Luís Franco Grande, por último, á pregunta de qué oculto secreto, qué claro vencello, pode haber entre Leiras, Noriega, Crecente, Iglesia e Díaz Castro, responde deste xeito:

Todos eles foron seminaristas; todos teñen por terras de orixen unhas bisbarras arredor de Mondoñedo, aunque Crecente Vega ou Díaz Castro queden un pouco lonxe da zona de influencia de Mondoñedo; podemos supoñer que, senón todos, sí a maoría tiveron unha fonda formación clásica e humanista, algúns deles moi notable (Franco Grande 1970: 1970).

Pero vaiamos xa á procura da pegada de esa formación latinista e humanista nestes nosos poetas.

Comezando, por orde cronolóxica, por Manuel Leiras Pulpeiro, poeta médico, pero ademais con catro anos de estudio de latín e humanidades rematados coa calificación de *meritissimus* (Franco Grande 1970: 12), a pegada clásica non é, ó meu ver, moi grande na súa obra, pero haina. Por exemplo, parece clara nos poemas feitos ó xeito epigramático, escritos conforme as regras que aparecen espalladas ó longo dos libros dos *Epigramas* de Marcial, un autor sempre lido. Velaquí tres exemplos, moi de Marcial na forma, moi de Leiras no contido:

*¿Pesan uns zocos seis libras  
E unhas zocas catro e media...!  
Pois non é milagre que tire  
Polos gallegos a terra* (Op. cit. 12).

\* \* \*

*Dalles unha carda aos fillos,  
Galicia, que che se malvan;  
Que os hai que de tí renegan,  
E a fala túa non falan* (Op. cit. 279).

\* \* \*

*Entre os probes que xememos,  
Inda o Belemnita reina;  
Pro entre cregos?... ¡Entre cregos,  
Nin siquera!!!* (Op. cit. 253).

Soamente un poema máis, dun fino humanismo que reflicte moi ben o título:

¡Nin Tántalo!

*¡Quererlle máis que ás santiñas  
Dos meus ollos sin que eu poida  
Descubrirlle a ialma miña...?*

*¡Ai, que tristura! ¡E pra sempre...!  
¡E cada hora ela, galana  
Como un sol, de min ao rente...!*

*¿Non haberá unha estrela?  
Pero... non, non; que, así e todo  
Quero vela, quero vela!!! (Op. cit. 355).*

A Antonio Noriega Varela, mestre rural, defíneo Fernández del Riego con estas sinxelas palabras: Foi un virxiliano que, pesie á súa aparente rusticidade, lía a Virxilio en latín (Fernández del Riego 1990: 263). Se para mostra chega un botón, pódenos valer neste intre un soneto de resonancia clásica ata no título:

Musa queiroguenta

*Pra arredala do seu huraño sino  
debalde foi que se xuntase o medo  
coa imponente mudex do ermo penedo,  
coa queixa vaga do armonioso pino.*

*A musa queiroguenta que me asiste  
da rixidez dos montes está ao cabo,  
i ama a flor mareliña, porque é triste,  
i a presenza do toxo porque é bravo...*

*¡Mellor que a lús phebea? ¡Ceio torvo!  
¡Antes que o pintasilgo? ¡Negro corvo!  
Entre seixos e auguiña que ela bebe...*

*Son breñosos os cimbros donde inverte,  
i é unha moza, descalza de pé e perna,  
trepando cardos, encarando a neve!<sup>15</sup>.*

Xosé Crecente Vega, crego e catedrático de latín, deixou un só libro de poemas, do cal opina Carballo Calero: “En *Codeseira* todo é xeórxico. Mais ás estampas de paisaxe e de vida rural, acompañan lindas fábulas e preciosas cantigas de inspiración popular, tan espontáneas como as que frorecen nos eidos do propio pobo. O humanista revélase, agachándose no bo gosto, na medida con que o rural é beneficiado” (Carballo Calero 1981: 562). Todo iso percíbese xa na cita ovidiana que enche toda a primeira páxina: *Tenuis mihi campus aratur...*, e despois en tantos poemas, como o titulado “O fortunatos nimium...!” (Crecente Vega 1933: 33), ou neste fermoso soneto:



## Anoitecer

*Vai o sol na furada. Os sapos priguiceiros,  
cansados baixo as pèdras de estar acochadiños,  
salen tocar a frauta às veiras dos camiños,  
e escóitan-se nas regas os "grau grau" barulleiros*

*das rás. Pasan zoando por entre os maciñeiros  
os roncós. E parexas de lèdos paxariños  
agrúchanse, piando, na quèntura dos niños,  
entre o follaxe espeso das silvas e os loureiros.*

*Unha nena onde á fonte c-un rapás parrafeá.  
Henchendo as corredeiras vèn a avenza pra á casa.  
—“Ei marèlo pra diante”— un labrègo que pasa.*

*Toca às Avemariás a campana da aldea...  
E no curral seus rezos marmullan duas veciñas  
e lámben-se duas vacas tocando as campaiñas<sup>16</sup>.*

De Aquilino Iglesia Alvariño, o máis fundamente humanista dos poetas galegos do noso século, teríamos moito que falar aquí, e fornecer unha chea de exemplos. Sen embargo, por razóns de extensión, contentareime só con tres.

O primeiro é o poema “Neniae”, que remata o libro *Corazón ao vento* (Lugo, 1933), e que non hai que confundir nin coas “Nenias” do libro *Cómaros verdes* (Vilagarcía de Arousa, 1947), nin cos poemas do titulado precisamente *Nenias*, publicado en 1961, ano da morte do escritor. Este interese de Iglesia Alvariño pola *nenia* lévamos á diversa problemática que rodea este tipo de manifestación poética, de fonda raizame latina, á que eu mesmo lle adiquei algunhas páxinas no seu aspecto de elemento favorecedor do nacemento dunha épica literaria en Roma (Pociña 1988: 33). Segundo a miña definición, a *nenia* era nas orixes “un lamento cadencioso, ejecutado por mujeres asalariadas durante los funerales, ponderando las virtudes del difunto” (Pociña 1988: 32). E cantos funerais resultan seren na interpretación do noso poeta, lamentando unha vez máis que non conservemos ningunha *nenia* primitiva, para saber ata qué punto se axeitaba a elas este irrepetible poema de Iglesia Alvariño:

## Neniae

*No berce das miñas rimas  
deitéi a miña emoción.  
Tapéi-na, bèn tapadiña,  
co veludo do solpôr...*

*Chegou moi cansiña, cansa,  
cansiña de tanto andar  
co seu carriño de estrelas,  
todo cheio de luar.*

*Traguía os pès degresados  
de correr polas veredas.  
—Nos silveirales da aurora  
rachara o traxe de seda—.*

*¡Pòbresiña, pòbresiña!  
môrta de sono e de frío,  
adormecéu nos meus brazos  
coma unha estrela no río.*

*E deitei-na no seu bërce,  
todo feito de ternura.  
—As sabas son de saudade,  
os cabezales de lua.*

*Neste libro vol-a deixo,  
deixo-vol-a adormecida.  
É unha avelaiña azul  
sobre unha flor marelaiña.*

*Quén o seu bërce anainar,  
ha de ter a mau lixeira:  
ha de pillar unha rōsa  
sin abalar a rōseira.*

*...Ha de pillar unha rōsa  
sin abalar a rōseira...<sup>17</sup>.*

Os outros dous poemas elixidos como mostra do fondo clasicismo de Iglesia Alvariño pertencen ó libro *Cómaros verdes*. Son os adicados a Catulo e a Tibulo. Poida que non sexan dos mellores do autor; non embargante, é sorprendente observar de qué maneira se mesturan neles un fondo coñecemento da obra dos dous poetas latinos e un sentido amor por eles<sup>18</sup>. Deixo falar ó poeta:

#### C. V. Catulo

*¡Dous mil anos de noite! ¿Qué paxaro  
roi dediños de almendra, sombra fina?  
¿Que fontela de sono ora agurgulla  
auga leve de risa desfollada?*

*Lesbia —bicos a centos, coma areias,  
coma olas longuísimas salgadas—,  
¿qué doce sono enleia a noite triste?  
¿Qué saudades che rôn peitos escuros?*

*Conta, conta, Veranio, bon amigo,  
ledos contos de Iberia, terra ardida.  
—Brazos quentes afogan noites pechas.  
Tremban sofraxes lisas coma buxo.*

*¿Lembras froi asañada ô pe da veiga  
sob a rella do arado, bon amigo?  
—Ergue, branca, Postumia, roxas cuncas,  
uva de ouro, na noite señaardosa.*

*Sirmio, Sirmio venusta, brando leito,  
risas ledas do lago que un amara.  
—Non me zârrel-as portas, Ipsitila,  
roxa, loura mazá, naranxa de ouro<sup>19</sup>.*

## A A. Tibulo

*Ai, cómo dôn as rosas desa aurora  
que aluman craras picas, altas lanzas!  
Ai, cómo dôn xa fondas señaardades,  
silencio pecho, ermo e soedoso!  
Partiron ledas naos, doces amigos.  
Brila en sonos a mar dos argonautas.  
Corcira é triste lonxe dos amados  
lamagueiros e so bosques silenciosos.*

*Qué longa rúa, tan calada e fría,  
chea de sombras nas encrucilladas!  
Sonan moi docemente solerminñas  
pisadas de ninguén, pasos valeiros.*

*É amargue o día. E aínda máis amargue  
a sombra de denoite, mar calada.  
Vai, uva a uva, a i-alma depenando  
acios de intras serodios, cheos de cinza.*

*Qué doce ser penedo sob a neve,  
sob as olas abertas coma alas!  
Qué doce ser un nome, un nome solo,  
e unha saudade dous mil anos viva.<sup>20</sup>*

Resulta fermoso comprobar que sexa precisamente nun poema dedicado como *Homenaxe a Aquilino* onde atopamos unha das pezas de máis fondo influxo clásico na poesía galega do século XX. Atópase no libro *Códice Calixtino* de Luz Pozo Garza, unha autora que posúe un sorprendente coñecemento dos escritores gregos e latinos, ata o punto admirable de poder recitar pasaxes enteiras destes autores nas súas linguas orixinais. No poema para Aquilino, que na primeira edición se titulaba, en latín, “Hinc canere incipiam”<sup>21</sup>, e despois “Agora que regresa a primavera”, percíbese de qué xeito Luz Pozo Garza, con esa sensibilidade poética e finura crítica que preside tanto os seus traballos de creación como de investigación, interpreta como nota fundamental na poética do seu homenaxeado a pegada dos grandes poetas clásicos latinos, á que tan sensible é tamén ela. Paga a pena lembrar os versos da poeta de Ribadeo, un auténtico canto á cultura clásica de Aquilino, pero tamén á de Luz, e, de camiño, unha evocación apaixonada dos latinos, coas citas de Virxilio na lingua orixinal:

*Agora que regresa a primavera  
por riba de Seivane nas terras de Abadín  
e vai deixando sámago nos bimbios.*

*Agora que retornan as floracións antigas  
e unha bris delicada fragmento de escritura  
vai liberando a alma.*

*Agora me decato da presenza do amigo  
cando as aves concertan o quinoccio celeste  
e os bois en Lamanide  
levan na cornamente unha roda solar.*

*Atrás quedou a aldea  
a páxina purísima escrita en neve  
o principio da patria  
a pobreza inocente que respiran os nenos  
e dá tempero a alma.*

*¿Lébraste, meu amigo?  
A luz deixaba formas de saudade  
e a frescura das pedras  
podía modular os ámbitos do río  
lámina impresionista na mañá fuxidía.  
Era o tempo  
en que as rapazas novas apañaban nos feitos.*

*Lembraraste ás vegadas da mudanza das follas  
dos espazos marcados por unha chuvia límpida  
da textura da frol rosada das silveiras  
da imprecisa distancia que vai da vida á morte  
aló por Vilarente.*

*O serán descendía coma un palio  
sobre das torres de Mondoñedo  
no tempo dos hexámetros latinos.  
Era a consagración da primavera  
na materia das árbores na ledicia do vértigo  
na memoria das églogas:  
Silvestrem tenui Musam meditaris avena<sup>22</sup>.*

*Viña a palabra nova  
na fábula do amor no principio da máusica  
no esplendor imprevisto das maceiras.  
Chegaría unha carta de Virxilio:  
Sunt nobis mitia poma<sup>23</sup>.*

*Fuxían as escuras peonías  
lonxe do corazón adolescente:  
Aínda non entraras nos palafitos da morte.*

Remato xa, pois nalgún punto hai que facelo polo momento, cun autor unanimemente interpretado polos críticos como unha das figuras máis representativas da poesía galega do século XX, Xosé María Díaz Castro, hai poucos anos morto en Lugo, en 1990. Sobre a pegada do mundo clásico neste gran poeta escribiu moi atinadamente Claudio Rodríguez Fer:

As fontes de Díaz Castro son clásicas, tanto gregas (Penélope procede da *Odisea* de Homero) como latinas (o tratamento do medio rural parece influído polas *Xeórxicas* de Virxilio). Así mesmo, o influxo do igualmente clasicista virxiliano Aquilino Iglesia Alvariño na descrición da paisaxe pode ser notable (Rodríguez Fer 1989 : 207).

Intentarei facer patente ese influxo de forma sinxela, lembrando un estupendo poema do seu único libro galego, *Nimbos* (1961), que soe recollerse en todas as antoloxías<sup>24</sup>, e que, na miña modesta opinión, é unha das máis fermosas poesías galegas do noso século. Trátase daquela na que o poeta compara a nosa Galicia con Penélope, tendo presente sen dúbida o poema “Desde los cuatro puntos cardinales” de *En las orillas del Sar*, onde é a propia Rosalía quen se reflicte na imaxe de Pénelope<sup>25</sup>. Sirva de homenaxe a Díaz Castro, ós escritores e ás escritoras que aman o galego e o latín, e a cantos e cantas nesta terra ensinan as linguas e as literaturas de Grecia e de Roma:

#### Penélope

*Un paso adiante i outro atrás, Galiza,  
i a tea dos teus soños non se move.  
A esperanza nos teus ollos se esperguiza.  
Aran os bois e chove.*

*Un bruar de navíos moi lonxanos  
che estrolla o sono mol como unha uva;  
pro tí envólveste en sabas de mil anos  
i en soños volves a escoitar a chuva.*

*Traguerán os camiños algún día  
a xente que levaron: Deus é o mesmo.  
Suco vai, suco ven. ¡Xesús-María!  
e toda cousa ha de pagar seu desmo.*

*Desorballando os prados coma sono  
o tempo vai de Parga a Pastoriza.  
Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.  
Un paso adiante e outro atrás, Galiza<sup>26</sup>.*

## NOTAS

- \* A versión orixinal deste traballo foi presentada como relatorio na “Terceira reunión galega de Estudos Clásicos”, celebrada en Santiago e na Coruña no mes de setembro de 1992, e lida en concreto o día 27 dese mes na Coruña. Despois de agardar moito tempo (¡xa anos!) a prometida publicación das *Actas*, douna agora ó prelo, conservando case sempre o texto primixenio, no que de todos os xeitos engado algunhas actualizacións bibliográficas.
- 1 Na primeira versión deste traballo referíame á *Literatura galega* (1988) de Anxo Tarrío. Loxicamente agora é preciso ter en conta a voluminosa e excelente obra do mesmo estudioso *Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica* (1994).
  - 2 Na redacción orixinal deste traballo non puider utilizar o excelente *Diccionario da Literatura Galega I. Autores*, publicado por unha serie de estudiosos e estudiosas, baixo a coordinación de Dolores Vilavedra (1995). É unha deficiencia que penso emendar nun futuro traballo máis pormenorizado sobre este asunto.
  - 3 Ademais das interesantes consideracións que se atopan no libro *Literatura galega da muller* (1991), a mesma autora estudia a fondo este asunto noutras obras, especialmente en *Libros de mulleres (Para unha bibliografía de escritoras en lingua galega: 1863-1992)* (Blanco 1994), e tamén, sobre o tema xeral do papel da muller no eido da literatura, en *O contradiscurso das mulleres. Historia do proceso feminista* (Blanco 1995).
  - 4 Paga a pena ler esta versión galega do epodo 2 de Horacio, xa que amosa unha forma peculiar de verter ós poetas clásicos que non é frecuente atopar hoxendía. Pode verse na *Escolma da Literatura Galega* publicada pola *Gran Enciclopedia Galega*, Gijón, 1989, vol. II, pp. 15-17 (non embargante, cómpre subliñar que ten máis dun erro de imprenta). E vede tamén agora, sobre as versións de Horacio ó galego, Xesús Alonso Montero 1992.
  - 5 No artigo da *Gran Enciclopedia Galega*, vol. XXX, p. 8.
  - 6 Este labor non é doado, pois non pode reducirse simplemente a preguntarlles ós autores e ás autoras de qué poetas se senten debedores: non fai falta lembrar que as pegadas literarias dos devanceiros moitas veces non son sentidas. Aquí deixo un bo exemplo: é curioso comprobar que dos doce poetas, once homes e unha muller, recollidos por Luciano Rodríguez Gómez (1986) na súa antoloxía *Desde a palabra, doce voces. Nova poesía galega 1986* (en concreto Xosé María Álvarez Cáccamo, Xulio L. Valcárcel, Xavier Seoane, Claudio Rodríguez Fer, Ramiro Fonte, Manuel Rivas, Pilar Pallarés, Manuel Forcadela, Miguel Anxo Fernán-Vello, Román Raña Lama, Eusebio Lorenzo Baleirón e Paulino Vázquez Vázquez), á pregunta de qué autores foron básicos na súa formación literaria, soamente dous lembran clásicos gregos e latinos: Claudio Rodríguez Fer e Eusebio Lorenzo Baleirón, sendo especialmente curiosa a resposta do primeiro, que, ademais doutros moitos escritores, fala do influxo que tivo na súa formación “O estudo das literaturas antigas grecolatinas (épicos como Homero e Hesíodo; eróticos como Safo, Catulo, Calimaco e o tratempráneo Cavafis; trágicos como Esquilo, Sófocles e Eurípides; múltiples como Virxilio, Horacio e Ovidio)” (Rodríguez Gómez 1986: 130).
  - 7 Vede agora, X. F. Armesto Faginas, *Cunqueiro. Unha biografía* (1991); F. Fernández del Riego, *Álvaro Cunqueiro e o seu mundo (Vivencias e fabulacións)* (1991); X. Filgueira Valverde, *Álvaro Cunqueiro* (1991); X. González-Millán, *Álvaro Cunqueiro: os artificios da fabulación* (1991); X. M. Salgado, D. Vilavedra, *Álvaro Cunqueiro (1911-1981). Día das Letras Galegas 1991* (1991) (sobre os autores do “Estudio” e “Antoloxía” presentes neste volume, cómpre subliñar o lamentable erro de cambiar por “Villanueva” o verdadeiro apelido da autora, na

- segunda páxina de portada interior, cousa que nós corriximos aquí); A. Tarrío, *Alvaro Cunqueiro ou os disfraces da melancolía* (1989).
- 8 Como é doado percatarse, poño o Seminario de Mondoñedo a modo de exemplo, non porque pense eu que os doutras cidades galegas non contribuíran á cultura galega en xeral: así, non ignoro o labor desempeñado neste eido polo Seminario Conciliar de Santiago, cunha imprenta que tivo unha importancia relevante na edición de libros en galego nun tempo no que a penas había editoriais adicadas a esta tarefa.
  - 9 Un estudio máis pormenorizado das traducións dos clásicos gregos e latinos ó galego foi presentado por min no “Segundo coloquio científico internacional sobre tradición, actualidade e futuro do galego”, celebrado na Universidade de Tréveris en novembro de 1993. Leva por título “Traducción das linguas clásicas ó galego”, e está pendente de publicación nas *Actas* do Coloquio.
  - 10 Os datos editoriais completos son: Pontevedra, Imprenta de José y Primitivo Vilas, calle de Isabel II, núm. 4, 1853. Hai unha edición facsímile publicada pola Real Academia Galega, A Coruña, 1981.
  - 11 Lembremos tamén a este propósito a definición que desta obra ofrece Carballo Calero: “*A gaita gallega* non é propiamente un libro de versos, porque contén prosa; nen un libro escrusivamente en galego, pois parte dil está en castelán; nen un diálogo didáctico, porque se ben a liña xeral é a dunha conversa antre dous interlocutores, a miudo os numerosos escursos, vocabularios, poemas ou discursos inxeridos, fannos esquecer dos personaxes que falan. *A gaita gallega* é fundamentalmente un manual de iniciación na fala do noroeste peninsular, unha “carta de Cristus para ir dependendo a ler, escribir e falar ben a lingua gallega”, que se quixo redactar en forma amena e interesante. Pero é aínda máis: é unha sorte de apoloxía xeral de Galicia e un alegado patriótico. Está dividida a obra en sete partes, que o autor chama foliadas” (Carballo Calero 1981: 76).
  - 12 No texto de primeira e única edición de *A gaita gallega* lese “Samite”, con evidente erro de imprenta, que debemos corrixir.
  - 13 De feito, Manuel Leiras Pulpeiro, se ben non publica máis libro que *Cantares gallegos*, en Mondoñedo, no ano 1911, nacera en 1854.
  - 14 Por exemplo Aquilino Iglesia Alvariño no estudio que fixo sobre a fala dos mesmos, *A lingua dos poetas do Norte de Lugo* (1964), e os autores dos textos que citamos de seguida.
  - 15 Texto tomado da antoloxía de Fernández del Riego 1976: 234.
  - 16 *Codeseira* 33-34; este poema aparece datado no ano 1928.
  - 17 Do libro *Corazón ao vento*, tomado de A. Iglesia Alvariño 1983: 57.
  - 18 Vede o comentario que fai destes dous poemas Luciano Rodríguez na súa tese de doutoramento *A poesía de Aquilino Iglesia Alvariño*, 1994: 391 ss.
  - 19 *Escolma de Poesía* p. 90 (no verso penúltimo lese “Ipsilila”, con erro evidente que nós corriximos, pois é claro que se refire á Ipsithilla do c. 32 de Catulo).
  - 20 *Ibidem*, p. 91.
  - 21 Así o fai constar Carmen Blanco na súa excelente edición de *Códice Calixtino*, Vigo, Xerais, 1995: 134, nota 75.
  - 22 Virxilio, *Bucólicas* 1, 2. O comenzo da primeira *Égloga* de Virxilio foi traducido ó galego deste xeito por A. Gómez Ledo: “Ouh Tí tiro acougado, que ben ceibas / as cántigas ò vento co isa gaita / sob a ramaxen d’iste gran carballo!” (*As églogas de Virxilio*, A Coruña, Nós, 1930, p. 14).

- 23 Segunda metade do verso *Bucólicas* 1, 80. A. Gómez Ledo traduce deste xeito o remate da *Égloga* primeira (subliño a versión da cita de Luz Pozo Garza): “Quédate eiquí comigo; nisas follas / durmirás ben. *Temos mazás bariles, / castañas coma o mel, recasón largo... / ¡Que xa as tellas fumegan e xa as somas / dos curutos se fan moito mais grandes...!*”
- 24 De feito, foi nunha antoloxía onde se publicou por vez primeira; segundo explica Claudio Rodríguez Fer (1989: 201) na súa estupenda análise deste poema, “‘Penélope’ publicouse en libro por primeira vez na *Escolma de poesía galega*, IV, *Os contemporáneos*, de Francisco Fernández del Riego, Editorial Galaxia, Vigo, 1955. Logo apareceu en *Nimbos*, de Xosé María Díaz Castro, Editorial Galaxia, Vigo, 1961”.
- 25 Cf. Rosalía de Castro, *Poesías* 1982: 392-93. O modelo parece obvio lendo os versos finais da poeta:

*Pero yo en el rincón más escondido  
y también más hermoso de la tierra,  
sin esperar a Ulises,  
que el nuestro ha naufragado en la tormenta,  
semejante a Penélope  
tejo y destejo sin cesar mi tela,  
pensando que ésta es del destino humano  
la incansable tarea,  
y que ahora subiendo, ahora bajando,  
unas veces con luz y otras a ciegas,  
cumplimos nuestros días y llegamos  
más tarde o más temprano a la ribera.*

Polo demais, do amor de Díaz Castro por Rosalía hai unha mostra divina no poema “A Rosalía”, publicado por primeira vez, despois da morte do autor, no ano 1991, en *Dorna* 17: 9.

- 26 Tomo o texto de Xesús Alonso Montero, *Os cen mellores poemas da lingua galega*, 1970: 15. En xeral, atópase en todas as antoloxías de poesía galega do século XX, non sempre editado co rigor que cumpriría.



## Referencias bibliográficas

---

Alonso Montero, Xesús

- 1968 "Textos griegos y latinos traducidos al gallego. Bibliografía", en *Actas del III Congreso Español de Estudios Clásicos* II: 9-17 (Madrid: Soc. Esp. Est. Clás.).
- 1970 *Os cen mellores poemas da lingua galega* (Lugo: Celta).
- 1992 "Horacio en galego: catro epodos descoñecidos de 1910", *Grial* 116: 530-9.

Armesto Faginas, X. F.

- 1991 *Cunqueiro. Unha biografía* (Vigo: Xerais).

Blanco, Carmen

- 1991 *Literatura galega da muller* (Vigo: Xerais).
- 1994 *Libros de mulleres (Para unha bibliografía de escritoras en lingua galega: 1863-1992)* (Vigo: Edicións do Cumio).
- 1995 *O contradiscurso das mulleres. Historia do proceso feminista* (Vigo: Nigra).

Carballo Calero, Ricardo

- 1981 *Historia da literatura galega contemporánea 1898-1936* (Vigo: Galaxia).

Couceiro Freijomil, Antonio

- 1951-1953 *Diccionario bio-bibliográfico de escritores* (Santiago de Compostela: Editorial de los Bibliófilos Gallegos).

Crecente Vega, José

- 1933 *Codeseira* (Santiago: Imprenta del Seminario Conciliar).

Cunqueiro, Álvaro

- 1968 [1955] *Merlín e familia e outras historias* (Vigo: Galaxia).

Fernández del Riego, Francisco

- 1971 *Manual de historia da aliteratura galega* (Vigo: Galaxia).  
1976 *Poesía galega. Do dezanove aos continuadores* (Vigo: Galaxia).  
1990 *Diccionario de escritores en lingua galega* (Sada: Edicións do Castro).  
1991 *Álvaro Cunqueiro e o seu mundo (Vivencias e fabulacións)* (Vigo: Ir Indo Edicións).

Filgueira Valverde, Xosé

- 1991 *Álvaro Cunqueiro* (A Coruña: Real Academia Galega).

García Paz, M.

- 1935 *IV Melodía —Desfíe de ambiente galego—* (Orense: Imp., Enc., Lib. y Pap. "La Industrial").

González-Millán, Xoán

- 1991 *Álvaro Cunqueiro: os artificios da fabulación* (Vigo: Galaxia).

Horacio

- 1951 *Carmina*. Trad. Aquilino Iglesia Alvariño (Santiago: Instituto Padre Sarmiento).

Iglesia Alvariño, Aquilino

- 1964 *A lingua dos poetas do Norte de Lugo* (A Coruña: Real Academia Galega).

Leiras Pulpeiro, Manuel

- 1970 *Obra completa*. Estudo crítico de X. L. Franco Grande (Vigo: Galaxia).

Losada, Basilio

- 1972 *Poetas gallegos contemporáneos* (Barcelona: Seix Barral).  
1984 "La literatura", en AA. VV., *Los Gallegos*: 241-318 (Madrid: Istmo).

Pintos, Xoán Manuel

- 1853 *A gaita gallega* (La Coruña: Imprenta de José y Primitivo Vilas).

Plauto

- 1962 *A comedia da oliña*. Trad. Aquilino Iglesia Alvariño (Vigo: Galaxia).

Pociña, Andrés

- 1981 "O mundo crásico en Rosalía, Curros e Pondal", en *Primera reunión gallega de estudos clásicos (Actas)*: 418-434 (Santiago de Compostela: Universidade).  
1988 *Comienzos de la poesía latina: épica, tragedia, comedia* (Madrid: Coloquio).

Pozo Garza, Luz

- 1995 *Códice Calixtino*, ed. de Carmen Blanco (Vigo: Xerais).

Rodríguez Fer, Claudio

- 1989 *Poesía galega. Crítica e metodoloxía* (Vigo: Xerais).

Rodríguez Gómez, Luciano

- 1986 *Desde a palabra, doce voces. Nova poesía galega* (Barcelona: Sotelo Blanco).  
1994 *A poesía de Aquilino Iglesia Alvariño* (Lugo: Deputación Provincial).

Tarrío Varela, Anxo

- 1988 *Literatura gallega* (Madrid: Taurus).  
1989 *Álvaro Cunqueiro ou os disfraces da melancolía* (Vigo: Galaxia).  
1994 *Literatura gallega. Aportacións a unha historia crítica* (Vigo: Xerais).

Vilavedra, Dolores

- 1991 *Álvaro Cunqueiro (1911-1981). Día das Letras Galegas 1991* (A Coruña: Xunta de Galicia).  
1995 (Coord.) *Diccionario da literatura galega. I. Autores* (Vigo: Galaxia).

Virxilio

- 1964 *As Xeórxigas, verquidas a lingoa galega*. Trad. Avelino Gómez Ledo (Santiago: Instituto Padre Sarmiento).